

A memoria mergullada.

Mergullémonos buscando o noso pasado, a nosa memoria, a nosa historia. Intres doutras épocas, detidos no tempo e atrapados polo mar, que ofrecen á arqueoloxía unha oportunidade única de viaxar a un pasado intacto, de voltar ao momento no que o tempo se detivo, cando un barco afundi.

Cando os restos arqueolóxicos son escavados de xeito científico, comeza o proceso de limpeza, tratamento, conservación e estudo. Actualmente é o procedemento habitual, pero hai apenas unhas décadas, a falta de equipamentos e instalacións científicas preparadas para desenvolver estas investigacións convertíana nun traballo case imposible.

En España, as bases da arqueoloxía submarina foron sentadas nos anos 70, e Julio Mas dirixiu as primeiras escavacións sistemáticas en diferentes pecios, o que para el supuxo viaxar a momentos intactos do pasado.

...un anaco de vida. Isto realmente non sae máis que en Pompeia; en Pompeia a película parou nunha escea e está inmovilizada, e todo o mundo que arrodea a ese personaxe que está alí, e iso realmente ou ben faise nunha cidade que foi selada para a posteridade como foi Pompeia polas cinzas do Vesubio, ou ben faise nun xacemento que estea intacto.

Todo comeza coa localización dos restos, moitas veces partindo de escasos indicios. Entón, mediante a localización da área de dispersión dos materiais, comezan as prospeccións para determinar a extensión do xacemento. É o principio dun longo e complexo proceso de investigación, que culmina coa publicación dos resultados, e a conservación ou exposición pública dos vestixios atopados. Deste xeito, o que erán apenas restos mergullados, pasarán a se converter en fontes de información do pasado. Son moito máis que simples cerámicas ou madeiras, cun valor histórico incomparable; é por iso que deben ser mantidas a resguardo do espolio/saqueo.

En España non temos máis antecedentes que os do profesor Beltrán, da Universidade de Zaragoza, que por entón era director do Museo de Cartaxena, que en colaboración coa Mariña, co coronel Jáuregui, fixeron unha prospección con mergulladores nas augas de Cartaxena e extraeron unha grande cantidade de material. Entón, con axuda da Mariña, puidemos facer unha cousa similar á que se estaba a facer en Francia e en Italia de estudar os fondos, debuxar as súas pezas e extraelas. Iso acontece no ano 1970.

Grazas á labouira daqueles primeiros estudiosos e a institucións como o Museo Nacional de Arqueoloxía Subacuática de Cartaxena, tense podido desenvolver en España unha actitude científica de primeira orde, que deu lugar á recuperación e conservación de restos dun pasado que críamos desaparecido. Agora, unha vez recuperados, están á disposición da comunidade científica.

Aquilo deixoume xa marcado para me adicar á arqueoloxía submarina. Fundei posteriormente, no ano 70, por encargo de Martín Almagro, o primeiro centro de investigación submarina co Patronato, e despois este centro xa se convertiu no Museo Nacional en Arqueoloxía Subacuática.

Nos fondos mariños de España continúan aínda intactos centos de pecios e outros restos do noso pasado. Moitos deles están localizados e foron catalogados, á espera de dispor de recursos para proceder á súa escavación. Pero debe existir a vontade de coñecer o pasado, a mesma que tiveron Julio Mas e o seu equipo de colaboradores, pioneiros no coñecemento do noso magnífico patrimonio cultural mergullado.